



A remuda xeracional protagonizou a Xornada Técnica Africor Lugo-Vaca Pinta

A cita anual desenvolveuse na Facultade de Veterinaria de Lugo coa presenza de mozos gandeiros que expuxeron a súa visión do sector e de novas veterinarias que recibiron os premios aos mellores Traballos de Fin de Grao (TFG). A sanidade animal, o deseño de instalacións e os novos aspectos do seguro agrario foron outros dos temas explicados na sesión.

A Asociación Provincial de Gandeiros de Lugo para o Control de Rendementos, Africor Lugo, e *Vaca Pinta* conseguiron aglutinar un bo número de mozos do noroeste peninsular na súa xa tradicional Xornada Técnica celebrada o 4 de marzo. Uns, levando a súa dose de protagonismo no escenario do auditorio da Facultade de Veterinaria de Lugo, e outros, prestando atención e apoiando os seus compañeiros desde os seus asentos.

A conselleira do Medio Rural, María José Gómez, presidiu o acto institucional acompañada de Manuel Sandamil, presidente de Africor Lugo; José Manuel Gegúndez, director executivo de *Vaca Pinta*; Iván Castro, deputado de Participación Cidadá na Deputación de Lugo; Víctor Pereira, vicedecano da

Facultade de Veterinaria do Campus Terra de Lugo da Universidade de Santiago de Compostela (USC), e José Manuel López, representante de Caixa Rural Galega, unha das entidades patrocinadoras.

Unha vez máis, a xornada amosou a análise e o debate arredor de temas de actualidade do sector vacún leiteiro cunha visión enfocada no futuro. Os relatorios puxeron o foco en temáticas como o seguro de vacún en Galicia, o papel da vacinación no control da mamite, as estratexias fronte ao *Cryptosporidium*, o deseño de instalacións para o robot de muxido e a remuda xeracional, con experiencias de persoas novas. Ademais, presentouse o libro *La guerra por la proteína animal*, da man dun dos seus autores, Juan Pascual.

A DERMATOSE, EN ESTUDO PARA A SÚA COBERTURA

A sesión comezou coa presentación de **José Bernardo**, director territorial na zona noroeste e Canarias de Agroseguro, que explicou as modificacións do seguro nesta campaña: “Prodúcese unha mellora nas indemnizacións, entre outras, na garantía de crías de leite, sen repercusión na tarifa, ademais de novas coberturas como as de pneumonías e enterotoxemia”.

O relator lembrou o funcionamento do sistema español de seguros agrarios, “de índole público-privada”. Ante unha pregunta do público sobre a dermatose nodular contagiosa (DNC), José Bernardo recoñeceu que “o sector pídenos a berros que busquemos a maneira de poder cubrir estas doenzas”. Volveu infor-

► “NUNHA COBERTURA PARA A DERMATOSE, NON SABEMOS CANTO IMOS TER QUE COBRAR PARA FACERLLE FRONTE AO RISCO”



José Bernardo, Agroseuro



Juan Pascual, La guerra por la proteína animal

mar que Agroseuro é unha parte do sistema, pero incidiu na súa vontade de estudar a situación. Non obstante, puxo de manifesto a súa dificultade, porque “os seguros traballan sempre cunha previsión de risco. Aquí o problema é que non sabemos canto imos ter que cobrar para facer fronte ao risco. Temos todo este ano para traballar e veremos que resposta podemos dar”.

POSITIVIDADE E PROTEÍNA ANIMAL

A continuación, tomou a palabra **Juan Pascual**, veterinario e coautor do libro *La guerra por la proteína animal*, que remarcou o valor dos alimentos de orixe animal e a capacidade dos ruminantes para aproveitar pastos e terras non cultivables. “Varias capas da sociedade miran o sector con sospeita”, afirmou nada máis comezar.

No seu relatorio indicou que “o acordo UE-Mercosur amosa as vergonzas da lexislación europea. Quizais poña máis en valor a produción de España, pero no tocante a imaxe creo que ao sector non lle vai axudar”. ►►

EL FUTURO DEL ORDEÑO **ESTÁ AQUÍ**

Moderniza tu colector **Harmony™**

Con DeLaval **Evanza™ Retrofit**, actualiza tu unidad de ordeño **sin** cambiar de colector

x2
vida útil de las pezoneras**

1 min para cambiar los 4 cartuchos*

Hasta un **68%** menos de deslizamientos*

Más información: delaval.es

DISPONIBLE PARA MC5 Y MC9

*En comparación con las unidades DeLaval Harmony™ con pezoneras redondas. Datos obtenidos en nuestras granjas piloto. Las cifras representan el rendimiento del colector Evanza™. Resultados no contractuales que pueden variar según las explotaciones.
** Datos de nuestras granjas piloto, no contractuales.

► “NON EXISTEN GRANXAS SEN MAMITE NIN SEN DIARREA, HAI QUE MOVERSE NO EQUILIBRIO”



Patricia de Celis, Gescal Veterinarios



Laura Elvira, MSD Animal Health

Pascual augúralle un futuro a longo prazo á gandería con respecto a outros inventos para obter proteína. “Se vemos unha vaca pacendo, iso dános leite e carne a través da enerxía solar; non nos imos poñer a facer tanques de aluminio con enerxía solar para obter outro tipo de proteína, non ten sentido”.

En contra do que poida parecer, sinalou que “o consumo de carne en Europa segue aumentando. Hai veces que, por prezo, a xente deixa de consumir carne de vacún, pero substitúea por ovos, é dicir, a proteína animal segue presente”.

“Cada un de nós temos que contar que a gandería ten moito máis de positivo ca de negativo. Se incluímos desde o produtor ata o persoal que nos atende no supermercado, somos dous millóns de persoas. Se todos explicamos as bondades da gandería, a clase política e a sociedade tamén van ver a parte positiva. Debémolo facer con moita ciencia e paciencia. Multipliquemos a voz, porque temos moito que contar”, presumiu.

SANIDADE ANIMAL

Despois da pausa para o café, **Patricia de Celis**, veterinaria en Gescal Veterinarios, expuxo o papel da vacinación no control da mamite, unha técnica que aplicaron na súa empresa grazas á proposta dun gandeiro que na súa gandería tiña serios problemas nesta materia e non os lograba atallar.

“Non é un volume de éxito total, pero conséguense mellorar certos aspectos”, valorou Patricia. “Cando vacinamos, queremos proporcionar unha inmunidade activa, é dicir, lograr unha memoria inmunolóxica si-

milár á producida pola infección natural, pero sen padecela. Temos que incluír o plan de vacinación dentro dun plan de prevención de mamite; se non, non ten sentido”, aclarou.

Máis tarde, **Laura Elvira**, veterinaria en MSD Animal Health, presentou o relatorio “Do quebracabezas ao control: gañándolle a batalla ao *Cryptosporidium*”, que arrincou cunha advertencia: “Non coñezo ningunha gandería con mamite 0 nin con diarrea 0; temos que ver como traballar no equilibrio co control”.

A relatora afondou nas razóns polas que este parasito segue tan presente. “Por unha banda, reducimos os outros patóxenos que compiten con el a través das vacinas. Pola outra, os ooquistes de criptos tamén son imposibles de eliminar. A principal fonte de infección é outro xato con diarrea, aínda que existen animais portadores que non enferman, pero transmítenos, ou tamén se pode propagar a través da auga”, describiu.

INSTALACIÓNS PARA O ROBOT DE MUXIDO

Alberto Jurado, responsable de instalacións gandeiras da Cooperativa Gandeira de Valle de los Pedroches (Covap), subliñou as claves para o deseño de instalacións para o robot de muxido. “Un dos puntos principais para que as vacas queiran acudir ao robot é contar cunha boa



Alberto Jurado, Covap

saúde podal” foi unha das primeiras afirmacións que lanzou; ademais, destacou as condicións ambientais que rodean a vaca.

“Podemos ter uns cubículos perfectamente deseñados, pero se non realizamos un bo manexo, non conseguiremos que as vacas pasen o tempo necesario neles. Precisamos cubículos brandos, secos, cheos e limpos”, remarcou o relator, ao tempo que amosou a importancia da amplitude dos distintos espazos da nave.

Ao final, Jurado viuse na tesitura de responder sobre a mellor opción de muxido: *batch milking* ou tráfico libre. “Ambos os sistemas funcionan. É unha decisión moi do gandeiro en función do tipo de man de obra, do espazo para medrar e das súas previsións de futuro”, argumentou. ►►

BOVILIS[®] Cryptium[®]



PREPÁRATE PARA EL CAMBIO

Nueva **Bovilis Cryptium[®]**, la primera vacuna diseñada para proteger a los terneros frente a la criptosporidiosis desde el primer día de vida a través del calostro de madres vacunadas

Bovilis[®] Cryptium[®] contiene antígenos Gp40 de *Cryptosporidium parvum* inactivados.

¿Quieres saber
más sobre Bovilis
Cryptium[®]?



Ficha
Técnica



En caso de duda, consulta con tu veterinario.

 **MSD**
Animal Health



Parte do público presente no auditorio da Facultade de Veterinaria de Lugo

► “NOS ANOS 20 DO SÉCULO XXI NON É NECESARIO MARCHAR DA CASA PARA PROGRESAR”

REMUDA XERACIONAL

A sesión da tarde centrouse na remuda xeracional. Por unha banda, **Rubén López**, veterinario en Campoastur, presentou o programa Campoastur Next. A través desta iniciativa, a cooperativa asturiana pretende acompañar, formar e impulsar a xente nova que quere incorporarse ao sector agrogandeiro ou tomar a remuda nas súas ganderías.

“Next non está feito para convencer a ninguén, naceu para que as persoas integradas no proxecto sexan competitivas e teñan ferramentas para a toma de decisións e a xestión”, achegou.

O propio Rubén López integrouse na mesa redonda conducida por Luis García, director do centro de promoción rural EFA Fonteboa, na que diversas persoas gandeiras novas da provincia de Lugo ofreceron as súas impresións sobre o estado do sector. Participaron **Pablo Rodríguez**, de Ganadería Xuíz (Bóveda); **Alberto Cascudo**, de Finca Carballreira (Castroverde); **María Castro**, de Ganadería Portalousa (Xermade) e **Mónica Requeijo**, de As Vacas dos Meus (Abadín).

Luis García destacou que “nos anos 20 do século XXI non é necesario marchar da casa para progresar”. Baixo esta premisa, as persoas participantes foron relatando as súas historias persoais baseadas na súa aposta polo medio rural. Pablo Rodríguez contou como se fixo cargo da gandería dos seus avós, sen que os seus pais formasen parte do sector. Na actualidade conta cunhas 120 vacas en muxido e tecnificouse con dous robots.

Pola súa banda, Alberto Cascudo incorporouse á gandería familiar en 2023. Dispoñen de 350 animais en muxido con seis robots. Tres anos antes, María Castro uniuse á gandería dos seus pais e, actualmente,



Rubén López, Campoastur

continúa a súa formación académica, ademais de ser membro da directiva de Africor Lugo. Un caso distinto é o de Mónica Requeijo, que rexenta unha gandería en extensivo de montaña con arredor de setenta cabezas.

As catro persoas protagonistas reafirmaron as súas intencións de manterse nos aspectos positivos das súas ganderías e mellorar nas partes con máis marxe, coma na xenética. Animaron a outros mozos coma eles a apostar por un sector que “pode ofrecer unhas boas condicións laborais, con bos horarios e salarios”. Cren que “a tendencia social pola que estaba mal visto ser gandeiro ten que ir rematando, porque non se axusta á realidade”. ►►

agroseguro




La protección que tu explotación necesita
Saneamiento ganadero incluido
y garantía de calidad de la leche
(células somáticas, aflatoxinas...)



Vacuno de reproducción

PARA SUSCRIBIR SU SEGURO, DIRÍJASE A: • HELVETIA CASER • MAPFRE ESPAÑA CÍA. DE SEGUROS Y REASEGUROS
• AGROPELAYO SOCIEDAD DE SEGUROS S.A. • SEGUROS GENERALES RURAL • ALLIANZ, COMPAÑÍA DE SEGUROS • OCCIDENT
• CAJAMAR SEGUROS GENERALES S.A. • MUTUA ARROCERA, MUTUA DE SEGUROS • MUSSAP, MUTUA DE SEGUROS
• GENERALI DE ESPAÑA, S.A. SEGUROS • SANTA LUCÍA S.A. CÍA DE SEGUROS • FIATC, MUTUA DE SEGUROS Y REASEGUROS
• REALE SEGUROS GENERALES • AXA SEGUROS GENERALES • MGS SEGUROS Y REASEGUROS S.A.





Vaca Pinta premiou os mellores TFG sobre vacún presentados na Facultade de Veterinaria

Co obxectivo de potenciar o sector e impulsar a incorporación de novo persoal técnico, *Vaca Pinta*, en colaboración coa Facultade de Veterinaria, aproveitou a Xornada Técnica para premiar os mellores Traballos de Fin de Grao (TFG) relacionados co gando vacún presentados nesta facultade lucense no curso académico 2024/2025. María Belén Hernández, Lucía Díaz, Clara García e Mario Merino foron as veterinarias galardoadas. .

PRIMEIRO PREMIO

María Belén Hernández levou o primeiro premio polo seu “Estudo epidemiolóxico da enfermidade hemorráxica epizoótica (EHE) e o seu impacto clínico e produtivo no gando bovino de Galicia”. No seu traballo, realizou unha enquisa epidemiolóxica sobre os signos clínicos desta doenza, recompilando datos de ganderías e animais, e recollendo a in-

formación da produción de leite de robots de muxido.

Estimou unha incidencia do 11,2 % de signos clínicos da EHE, un 2,9 % de mortalidade e unha letalidade do 21,7 %, aínda que con resultados heteroxéneos entre explotacións. Os resultados confirmaron un impacto notable na produción leiteira, cunha redución estimada de 4,9 kg/día nos animais seropositivos.

Ao analizar a variación interanual, constatouse unha redución significativa do 70 % na incidencia clínica nos concellos con circulación da doenza en campañas previas, o que suxire “un posible establecemento dunha inmunidade de rabaño que protexa os aspectos máis graves da infección”. En palabras da autora, estes resultados “confirman a importancia clínica da EHE, que pode ter cursos graves en certas ganderías e causar perdas importantes na produción leiteira”.

SEGUNDOS PREMIOS

Así mesmo, os segundos premios recaeron en Lucía Díaz, polo seu traballo titulado “Determinación dos metabolitos do cortisol fecal como biomarcador do estrés por calor en vacún leiteiro en Galicia”; en Clara García, pola súa investigación sobre “Endometrite no gando vacún leiteiro”, e en Mario Merino, polo seu traballo dedicado á “Ecografía pulmonar como ferramenta diagnóstica en gando de leite”.

Para o seu estudo, **Lucía Díaz** tomou como base o ano 2023, cualificado como extremadamente cálido en Galicia. Os seus datos obtivéronse a partir de catro ganderías de vacún de leite situadas no concello lucense de Castro de Rei. Calculáronse os índices de temperatura e humidade, tomáronse mostras fecais de maneira non invasiva e analizáronse o manexo e o deseño das instalacións.

Segundo a autora, este seguimento “permitiu evidenciar os cambios que se producen no eixe endócrino das vacas no período de transición, máis acusados no período parto, coa medición dos metabolitos do cortisol fecal, asociados ás condicións de manexo. Demostrouse que os animais están sometidos a estrés por calor nos meses de verán, o que produce unha resposta adicional ao estrés nesta etapa fisiolóxica vulnerable”.

Clara García centrou a súa análise nunha das enfermidades que poden afectar á fertilidade e á fecundidade das vacas, a endometrite. A autora recolle a definición desta doenza como “a inflamación da capa endometrial do útero, a partir dos 21 días posparto, acompañada de secreción vaginal de carácter purulento en ausencia doutros signos sistémicos”. Engade que “non se debe descartar a enfermidade ao non visualizar esta secreción, xa que a endometrite pode presentarse de maneira clínica ou subclínica”.

Con base no explicado anteriormente, “a eficiencia reprodutiva dos animais afectados vese reducida, xa que se retarda o reinicio da actividade ovárica cíclica, aumenta o número de servizos necesarios para a concepción, se alonga o intervalo parto-xestación e se obteñen unhas taxas de preñez máis baixas”.

Nas súas conclusións pon a énfase na prevención, coa “implantación de prácticas de manexo axeitadas, entre as que se atopan unha achega nutricional óptima no período de transición e o mantemento dunha correcta hixiene, ademais de establecer prácticas durante o parto que favorezan unha boa función inmunitaria e minimicen a contaminación do tracto reprodutor”.



María Belén Hernández recibiu o seu galardón de mans de María José Gómez, Manuel Sandamil e José Manuel Gegúndez.



Lucía Díaz recolleu o seu premio ofrecido por José Manuel López e José Manuel Gegúndez

Pola súa banda, **Mario Merino**, que non puido estar presente na recollida do seu premio, investigou a utilidade da ecografía torácica ante “as dificultades de crecemento, o atraso da idade ao primeiro parto e a redución de produtividade futura que provoca a pneumonía na recría”.

O seu traballo céntrase na aplicación da ecografía pulmonar en ganderías de vacún leiteiro, destacando o seu “valor diagnóstico avalado pola evidencia científica previa. Diversos estudos demostran que esta ferramenta permite a identificación de cadros subclínicos, o seguimento da evolución da enfermidade e a avaliación da eficacia terapéutica, favorecendo unha xestión máis precisa da saúde respiratoria na recría”.

Merino conclúe que “a ecografía pulmonar constitúe un método complementario de gran valor para o pronóstico da síndrome respiratoria, ao ofrecer elevada sensibilidade e especificidade diagnóstica, axeitada adaptación ás condicións de campo e



Victor Pereira e José Manuel Gegúndez entregaron o seu recoñecemento a Clara García

un coñecemento claro das súas limitacións técnicas e operativas”.

Ademais deste premio, a revista *Vaca Pinta* financia a inscrición destas persoas veterinarias no vindeiro Congreso da Asociación Nacional de Especialistas en Medicina Bovina de España (Anembe), que se celebrará do 20 ao 22 de maio en Valladolid. ■

**CAIXA RURAL
GALEGA**

Ruralvía

> caixaruralgalega.gal



> Síguenos! @ f in

**Comprometidos
contigo!**

